

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS: AVDA. CONSTITUCIÓN E CONTORNA DOS XARDÍNS DA XIRALDA (R/ CONCHA BREY)”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 – PROGRAMA PON2030

Documento asinado electronicamente por:

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS: AVDA. CONSTITUCIÓN E CONTORNA DOS XARDÍNS DA XIRALDA (R/ CONCHA BREY)”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 – PROGRAMA PON2030

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, D.^a María Nava Castro Domínguez, quen actúa no nome e na representación do Concello de Ponteareas, en virtude da súa condición de alcaldesa-presidenta da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúa D. Carlos Cuadrado Romy, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda ao convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I. Na data 23/06/2023 o Pleno da Corporación Provincial adoptou o acordo núm. 4.8011 polo que se aprobou a concesión dunha subvención, polo procedemento de concorrência competitiva, ao Concello de Ponteareas, con destino á execución da actuación denominada “MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS: AVDA. CONSTITUCIÓN E CONTORNA DOS XARDÍNS DA XIRALDA (R/CONCHA BREY)”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 - Programa PON2030.



II. O orzamento do investimento ascendía a 925.814,64€ e a subvención concedida a 694.360,98€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 231.453,66€.

III. De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2023008116 de 27/10/2023 aprobouse o correspondente convenio de colaboración, que se asinou o día 12/12/2023. O dito convenio ten por obxecto definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes.

IV. A cláusula Segunda do referido convenio, relativa ao financiamento, establece o seguinte:

“O custo total da actuación ascende a 925.814,64 € (IVE incluído) e o seu financiamento detállase na seguinte táboa:

<i>Deputación</i>	<i>694.360,98 €</i>	<i>75,00%</i>
<i>Concello de Ponteareas</i>	<i>231.453,66 €</i>	<i>25,00%</i>
<i>Total</i>	<i>925.814,64 €</i>	

A contía máxima a financiar pola Deputación, recollida na táboa, imputarase contra a aplicación orzamentaria 2023/942.9420.762.74 do vixente orzamento provincial.

Pola súa banda, a cantidade a financiar polo Concello financiarase contra a correspondente aplicación do orzamento municipal ou con outro tipo de axudas que a entidade local poida obter.”

V. Na data 24/10/2024, o Concello de Ponteareas presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2024065502) un proxecto reformulado do proxecto inicial, cun orzamento de 1.103.535,08€, o que supón un incremento de 177.720,44€ (19,20% sobre o orzamento do proxecto inicial).

VI. A cláusula Quinta do convenio, relativa á súa modificación, sinala que *“O Concello deberá remitir á Deputación a solicitude xustificada de modificación do convenio de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación suficiente á finalización do prazo de execución concedido.*

A Deputación analizará a viabilidade da modificación e autorizará, no seu caso, a sinatura da addenda, previa instrución do correspondente expediente. O Concello deberá remitir a documentación técnica e administrativa que a Deputación lle requira para a tramitación da modificación. Unha vez autorizada e aprobada a modificación por ambas partes, firmarase a correspondente addenda.

A modificación non poderá afectar en ningún caso ao importe máximo da achega da Deputación.”

VII. O artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra sinala que, salvo que na resolución da concesión se estableza o contrario, a persoa ou entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a



modificación da resolución de concesión, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou axuda pública. A solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos. En concorrência competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida por aplicación dos criterios de concesión. O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión da subvención será adoptada polo órgano que a concedeu, previa instrución do correspondente expediente no que, xunto á proposta razoada do órgano instructor, se acheguen os informes pertinentes e, segundo o caso, a solicitude ou as alegacións da persoa beneficiaria, sen que poida significar dano aos dereitos de terceiros.

VIII. Na data 29/11/2024 o Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.8299, aprobou o citado proxecto reformulado.

IX. Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar unha addenda para adaptar o texto do convenio asinado o 12/12/2023 ás novas condicións establecidas no antedito acordo, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. FINANCIAMENTO

As partes acordan modificar a cláusula Segunda do convenio, relativa ao financiamento da actuación denominada “MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS: AVDA. CONSTITUCIÓN E CONTORNA DOS XARDÍNS DA XIRALDA (R/ CONCHA BREY)” no marco do Programa PON2030, quedando redactada do seguinte xeito:

“O custo total da actuación ascende a 1.103.535,08 € (IVE incluído) e o seu financiamento detállase na seguinte táboa:

Deputación	694.360,98 €	62,92%
Concello de Punteareas	409.174,10 €	37,08%
Total	1.103.535,08 €	

A contía máxima a financiar pola Deputación, recollida na táboa, imputarase contra a aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.74.2023 do vixente orzamento provincial.

Pola súa banda, a cantidade a financiar polo Concello financiarase contra a correspondente aplicación do orzamento municipal ou con outro tipo de axudas que a entidade local poida obter.”



SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO

En todo o demais permanecerá invariable o contido do convenio asinado o 12/12/2023, suxeitándose as partes ás súas cláusulas.

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Luis López Diéguez

A alcaldesa-presidenta do Concello de Ponteareas, D.^a María Nava Castro Domínguez

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Carlos Cuadrado Romay